


## PARADA 3: SECTOR S

Na parte alta do castro atópase a capela de San Cibrán e, aínda que estamos ante unha construción de nova fábrica (1991), existen referencias da existencia dunha capela anterior que foi destruída contra o 1800.

Cómpre destacar que hai anos se recuperou unha cabeza pétreo (esculturas típicas da última fase da cultura castrexa que representan figuras de guerreiros), a cal se atopa depositada no Museo Provincial de Pontevedra.



O castro atópase bastante alterado, sobre todo no sector leste, principalmente debido ás obras de construción da capela, da área recreativa e da apertura das pistas de acceso.



Vostede está aquí

Na terraza sur do xacemento identificamos igualmente restos de construcións, aínda que só conservan parte dos seus cimentos, o que dificulta a interpretación deste espazo.

A pesar de todo, as evidencias amósannos un espazo construído que sofre diferentes modificacións (tramos de muros desmontados, recheos de nivelación, buratos de poste selados...), do que non podemos aventurar a posible funcionalidade, pero no que se teñen identificado evidencias de actividades cotiás (restos de fogueiras, abundantes materiais cerámicos e ósos...).

Muro de pedra a nivel de cimentación.



## CONCLUSIÓNS

A ubicación do castro parece responder claramente a **funcións de control das vías de comunicación**, xa que se localiza ao pé da depresión meridiana (vía de tránsito natural de sur a norte), que é por onde discorre a vía romana que comunicaba as cidades de Braga (*Bracara Augusta*) e Astorga (*Asturica Augusta*).

Este emprazamento proporcionalle un **ampla visibilidade, sobre todo a longa distancia**, que lle permite un dominio visual da entrada da ría de Arousa e dun pequeno tramo da desembocadura do río Ulla (factor importante, se temos en conta que o Ulla é un dos dous ríos con máis quilómetros navegables, xunto ao Miño), polo que exercerían un control visual sobre unha importante vía de comunicación e transporte.



Fragments de ánfora Haltern 70, procedentes da Bética

A presenza de materiais cerámicos de importación, de diferentes lugares, materiais itálicos, ebusitanos, da bética... parecen indicarnos claramente que **Monte da Chan se atopa integrado nun circuíto comercial** co mundo mediterráneo.

Valorando todos estes factores e a cronoloxía que nos proporcionan os materiais cerámicos (en torno ao cambio de era), podemos concluír, que nos atopamos ante un dos grandes poboados que se desenvolven na área meridional castrexa na época final da ocupación dos castros, un **oppidum**. A localización da cabeza pétreo vén confirmar esta datación.

Estaríamos pois ante un poboado que, a teor dos datos proporcionados pola escavación, **xorde en torno ao século I d. C.**, cunha finalidade estratéxica moi clara e que, en principio, sería abandonado

en torno ao século I d. C.



Fragments de Terra Sigillata Aretina, procedente de Arezzo (Italia).